Posproducción de son	175
Total de horas de módulos que se imparten en galego	667 (1270)

ZSIMS02 - Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos

Módulos	Horas
Planificación de montaxe e a postproducción de audiovisuais	186
Realización da montaxe e posproducción de audiovisuais	140
Planificación de realización en cine e vídeo	160
Procesos de realización en cine e vídeo	157
Total de horas de Módulos que se imparten en galego	317 (643)

ZSIMS01 - Producción de audiovisuais e espectáculos

Módulos	Horas
----------------	--------------

Planificación de proxectos audiovisuais	266
Xestión de proxectos de cine, video e multimedia	157
Formación e orientación laboral	107
Total de horas de módulos que se imparten en galego	264

ZSIMS05 - Iluminación, captación e tratamento de imaxe

Módulos	Horas
Toma de imaxe audiovisual	187
Planificación de cámara en audiovisuais	133
Gravación e edición de reportaxes audiovisuais	140
Formación e Orientación Laboral	107
Total de horas de Módulos que se imparten en galego	294

PLAN DO DEP. DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

2.1.2 Resumo de actividades realizadas polo Departamento de Normalización Lingüística do centro (EDNL) durante o curso 2022-23

Temporalización	Titulo da actividade	Responsable/s e departamentos ao que pertence	Destinatarios
outubro 2022	Festa presentación de curso escolar	Eva Alonso (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	Alumnado do centro
outubro 2022	Composición dun tema musical e realización do seu Videoclip	Sira Romero Irene Seara Guillermo Alfaro (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	Alumnado do centro
outubro a decembro de 2022	Calendario 2023	Sira Romero Francisco Herbello (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	Alumnado do centro
25 de novembro	25N: Día Internacional de Eliminación da	Eva Alonso Sira Romero Irene Seara	Alumnado do centro

	violencia contra a muller	(Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	
outubro de 2022 a marzo de 2023	Documentais	María Salgueiro Alicia Valiño Laura Miragaya Mintxo Alejos Paula Regueira María Cano Mónica Camba (Departamento de Comunicación Imaxe e Son)	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral
xaneiro a marzo de 2023	Curtametraxes (modular)	Sonia Souto Blanca Piñeiro Xosé Manuel Otero Diego Valiño María Cano (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral
xaneiro 2023	Charlas TED de emprendemento	Nuria Tobío (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son) e responsable de Aula de Emprendemento	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral

		(Departamento de Formación e Orientación Laboral)	
xaneiro e febreiro de 2023	Gravación de maquetas de grupos galegos	Mónica Camba (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	Alumnado do centro e público en xeral
xaneiro a maio de 2023	Curtametraxes (ordinario)	Sira Romero Mario Fernández José Alén Mintxo Alejos (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral
marzo de 2023	Bateason	Eva Alonso Álvarez Paula García Irene Seara Mintxo Alejos	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral
marzo de 2023	Gala “A Ostra de Pedra”	Eva Alonso Álvarez Paula García Mario Fernández Mintxo Alejos	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral

		(Departamento de Comunicación, Imaxe e son)	
abril de 2023	Programas radiofónicos	María Salgueiro Coté Vázquez (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	Alumnado do centro
maio de 2023	Festival de Cans	Coté Vázquez (Departamento de actividades extraescolares)	Alumnado do centro
maio de 2023	Festival Olhares Frontais	María Salgueiro (Distribución de pezas audiovisuais)	Alumnado do centro
maio de 2023	Microteatros	Eva Alonso Álvarez Gonzalo Suárez (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son)	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral
Curso escolar 2022/23	Actualización de web e redes sociais (Facebook, youtube, instagram e twitter)	María Salgueiro (Departamento de Comunicación, Imaxe e son)	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral

Curso escolar 2022/23	Curso de ENDL na aula virtual do centro	María Salgueiro (Departamento de Comunicación, Imaxe e son)	Alumnado, profesorado, PAS e público en xeral
--------------------------	---	--	--

Festa de Inauguración do curso escolar

Título	Festa de inauguración do curso
Temporalización	outubro de 2022
Breve descrición da actividade	Festa inauguración do curso 2022-23 organizada polos alumnos/as de primeiro de produción dentro do módulo de Planificación de Espectáculos e Eventos de primeiro de Producción.
Profesores responsables	Eva Alonso
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Alumnos/as do centro e os seus coñecidos
Tipo de actividade	Dinamización do centro e da contorna

Videoclip

Título	Composición dun tema musical e realización do seu Videoclip
Temporalización	outubro 2022
Breve descrición da actividade	Produción e realización dun videoclip organizado polos alumnos/as de primeiro de videodj dentro dos módulos de Preparación de sesións de videodj e Captación e gravación de son e de segundo de Imaxe dentro do módulo de Proxectos de iluminación.
Profesores responsables	Sira Romero

	Irene Seara Guillermo Alfaro
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Alumnos/as do centro e os seus coñecidos
Tipo de actividade	Promoción da lingua galega oral. Posta en valor da lingua mediante a cultura. Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Dinamización do centro e da contorna

Calendario 2023

Título	Calendario 2023
Temporalización	outubro a decembro de 2022
Breve descrición da actividade	Produción e realización dun calendario organizado polos alumnos/as de primeiro de produción dentro do módulo de Planificación de Proxectos Audiovisuais, de primeiro de Imaxe dentro do módulo de Toma de Imaxe Fotográfica, de Tratamento de Imaxe Dixital e de Procesos Finais fotográficos de segundo de Imaxe.
Profesores responsables	Sira Romero Francisco Herbello
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Alumnos/as do centro e os seus coñecidos
Tipo de actividade	Promoción da lingua galega escrita. Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Dinamización do centro e da contorna

Este ano realizouse a octava edición do calendario, sendo o tema central “Vogue”. En edicións anteriores os temas foron:

- Películas sobre o Camiño de Santiago (2022)
- Fotografías icónicas (2019)
- "Películas infantís" (2018)
- “Series de televisión” (2017).
- “Portadas de discos ao longo da historia” (2016).
- “Series televisivas” (2015).
- “Películas cinematográficas míticas” (ano 2014).

Acto do 25N

Título	25N: Día Internacional de Eliminación da violencia contra a muller
Temporalización	25 de novembro
Breve descrición da actividade	Realización dun acto conmemorativo sobre o 25N organizado polos alumnos/as de segundo de produción dentro do módulo de Xestión de proxectos de espectáculos e eventos e de segundo de Imaxe dentro do módulo de Proxectos de iluminación. Contaron coa colaboración de alumnado de primeiro de Videodj (Preparación de sesións de vídeodj) e primeiro de produción (Planificación de proxectos audiovisuais) na interpretación de dous temas musicais.
Profesores responsables	Eva Alonso Sira Romero Irene Seara
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Alumnos/as do centro
Tipo de actividade	Promoción da lingua galega oral Dinamización do centro

Documentais

Título	Documentais
Temporalización	outubro de 2022 a marzo de 2023
Breve descrición da actividade	Rodaxe de documentais. Os módulos e ciclos implicados son Procesos de cine, vídeo e multimedia de segundo de produción, Realización en cine e vídeo e Realización de montaxe de segundo de realización, Gravación e edición de reportaxes audiovisuais de segundo de Imaxe e Sonorización para audiovisuais de primeiro de son e Postprodución de audio de segundo de son. Ademais, o alumnado do máster de audiodescrición e subtítulado encárganse de realizar o subtítulado das pezas
Profesores responsables	María Salgueiro Alicia Valiño Laura Miragaya Mintxo Alejos Paula Regueira María Cano Mónica Camba
Destinatarios	Alumnos do centro, profesores, pas, público en xeral.
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Promoción da lingua escrita Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Dinamización do centro Posta en valor da lingua mediante a cultura

--	--

Curtametraxes (modular)

Título	Curtametraxes (modular)
Temporalización	outubro de 2022 a marzo de 2023
Breve descripción da actividade	Rodaxe de curtametraxes. Os ciclos implicados son Producción Realización, Iluminación e Son (modular e ordinario)
Profesores responsables	Sonia Souto Blanca Piñeiro Xosé Manuel Otero Diego Valiño María Cano
Destinatarios	Alumnos do centro, profesores, pas, público en xeral.
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Promoción da lingua escrita, escrita de guións. Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Dinamización do centro Posta en valor da lingua mediante a cultura

Charlas TED de emprendemento

Título	Charlas TED de emprendemento
Temporalización	xaneiro de 2023
Breve descripción da actividade	Charlas sobre emprendemento organizadas polo alumnado do módulo de Administración e promoción de audiovisuais e espectáculos (CS de Producción) e Departamento de Formación e Orientación Laboral.
Profesores responsables	Nuria Tobío (Departamento de Comunicación, Imaxe e Son) e responsable de Aula de Emprendemento (Departamento de Formación e Orientación Laboral)
Destinatarios	Alumnos do centro, profesores, pas, público en xeral.
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) Dinamización do centro

Gravación de maquetas de grupos galegos

Título	Gravación de maquetas de grupos galegos
Temporalización	xaneiro e febreiro de 2023
Breve descripción da actividade	Gravación de maquetas de bandas galegas no módulo de Gravación en estudio

Profesores responsables	Mónica Camba
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Alumnos/as do centro
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) Dinamización do centro Posta en valor da lingua mediante a cultura

Curtametraxes (ordinario)

Título	Curtametraxes (ordinario)
Temporalización	xaneiro a maio de 2023
Breve descrición da actividade	Rodaxe de curtametraxes. Os módulos e ciclos implicados son Planificación de Proxectos Audiovisuais (1º de Producción), Planificación da realización en cine e vídeo e Planificación da montaxe (1º de Realización), Toma de imaxe audiovisual (1º de Iluminación) e Sonorización para audiovisuais (1º de Son).
Profesores responsables	Sira Romero Mario Fernández José Alén Mintxo Alejos
Destinatarios	Alumnos do centro, profesores, pas, público en xeral.
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Promoción da lingua escrita, na escrita de guións literario Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

	Dinamización do centro Posta en valor da lingua mediante a cultura
--	---

Bateson

Título	Bateson
Temporalización	marzo de 2023
Breve descripción da actividade	Concurso de grupos de música galegos co fin de darlle visibilidade ás bandas que están empezando. Os módulos implicados son Planificación de proxectos de espectáculos e eventos (CS de Producción), Planificación da rexedoría de espectáculos e eventos (CS de Realización), Proxectos de Iluminación (CS de Iluminación) e Control de Son en Directo (CS de Son)
Profesores responsables	Eva Alonso Álvarez Paula García Irene Seara Mintxo Alejos
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Alumnos/as do centro
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Dinamización do centro Dinamización da contorna Posta en valor da lingua mediante a cultura

Premier de pezas audiovisuais “A Ostra de Pedra”

Título	Festival de curtas
Temporalización	marzo de 2023
Breve descripción da actividade	Organizado por alumnos que cursen os ciclos de Producción e Realización
Profesores responsables	Eva Alonso Álvarez Paula García Mario Fernández Mintxo Alejos
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Actividade aberta a alumnado, profesores, pas, público en xeral.
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Dinamización do centro Dinamización da contorna Posta en valor da lingua mediante a cultura

Programas de radio

Título	Programas de radio
Temporalización	abril de 2023
Breve descripción da actividade	Realización de programas radiofónicos. Os módulos e ciclos implicados son Comunicación de Expresión Sonora e Son para Audiovisuais de 1º de Son e Recursos Expresivos e Sonoros de 1º de Producción.
Profesores responsables	Coté Vázquez Mintxo Alejos

	María Salgueiro
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Alumnos/as do centro
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Promoción da lingua escrita- escritura de guión Dinamización do centro

Ciclo de espectáculos

Título	Microteatro
Temporalización	maio de 2023
Breve descrición da actividade	Ciclo de Espectáculos organizado por Planificación de Espectáculos e Eventos de 1º de Produción, Planificación da Rexedoría de Espectáculos de 1º de Realización
Profesores responsables	Eva Alonso Paula Mario Fernández
Departamento	Comunicación, Imaxe e Son
Destinatarios	Actividade aberta a alumnado, profesores, pas, público en xeral.
Tipo de actividade	Promoción da lingua oral Dinamización do centro Dinamización da contorna Posta en valor da lingua mediante a cultura

Asistencia a festivais de cine e eventos do sector

Título	Participación en festivais e feiras vencelladas ao sector audiovisual e de espectáculos
--------	--

Temporalización	Ao longo de todo o curso
Breve descrición da actividade	Asistencia a festivais de cine e a feiras vencelladas co sector audiovisual e de espectáculos
Destinatarios	Alumnado do centro
Material e/ou recursos necesarios para desenvolver á actividade	Aluguer de autobús
Tipo de actividade	Dinamización do centro

Este ano prevese a asistencia a festivais audiovisuais de recoñecida traxectoria como son (FicBueu - Bueu-, Cans –Porriño-, ou o festival Olhares Frontais-Viana do Castelo)

Redes sociais

Actualización da conta do **Facebook**, do **twitter** e do **Instagram** do IES Audiovisual de Vigo dándolle cobertura tanto ás actividades realizadas no abeiro de proxectos educativos do centro como para a difusión de eventos e acontecementos do sector audiovisual galego. Ao tempo que serve de promoción das propias actividades serve como plataforma de difusión do idioma galego entre a comunidade educativa.

Difusión e información vencellada ao fomento do uso do galego entre a comunidade educativa

Dende o Equipo de Normalización Lingüística dáselle difusión a todas as novas vencelladas ao fomento do uso do galego que poden ser de interese para a comunidade educativa. Na aula virtual do centro creouse un curso de Normalización Lingüística que a modo, de taboeiro se lle dá publicidade a convocatorias e/ou concursos que teñen como finalidade a normalización do uso do galego.

2.1.3 Resumo propostas polo Departamento de Normalización Lingüística do centro (EDNL) para o curso 2022-23

ACTIVIDADE	CRONOGRAMA TEMPORAL CURSO 2022-23								
	O UT	NO V	DE C.	XA N.	FEB	MAR ZO	ABRI L	MAI O	XUÑ O
FESTA INAUGURACIÓN-DO CURSO									
TEMA MUSICAL E VIDEOCLIP									
CALENDARIO 2023									
25N									
DOCUMENTAIS									
CURTAMETRAXES (MODULAR)									
CHARLAS TED									
GRAVACIÓN DE MAQUETAS DE GRUPOS GALEGOS									
BATEASON									
PREMIER DE CURTAMETRAXES:									

OSTRA DE PEDRA									
PROGRAMAS DE RADIO									
CURTAMETRAXES (ORDINARIO)									
MICROTEATROS									
PARTICIPACIÓN EN FESTIVAIS E FEIRAS									
AULA VIRTUAL E EN REDES SOCIAIS									

2.2. PLAN DE CONVIVENCIA

1. INTRODUCCIÓN

O presente plan de convivencia do IES Audiovisual de Vigo, basease na seguinte actividade reguladora:

- Artigo 120 e 124, da Lei orgánico 8/2013 do 9 de Decembro, para a mellora da cidade educativa, na que se establece a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia, organización e funcionamento.
- Artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados las leis orgánicas sobre a materia.
- Artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de Xuño, relativa ó acoso escolar.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Obxectivo fundamental: “Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa e axentes sociais, sobre a importancia dunha boa convivencia escolar, determinando as ferramentas necesarias para acadala”.

Corresponde á comunidade educativa deseñar todos os medios e ferramentas posibles, para evitar as situacións de conflito, xerando un bo clima de Centro, que propicie una boa convivencia escolar, e o desenvolvemento óptimo do tempo adicado á ensinanza e aprendizaxe.

Aprender a vivir xuntos, aprender a convivir cos demais, pódese considerar coma un dos fins esenciais da educación. Preséntase esta idea, coma un dos grandes retos dos centros educativos na actualidade.

O enfoque da convivencia no Centro, debe ter una visión e proxección, positiva e construtiva, polo que as actuacións irán dirixidas, ó desenvolvemento de comportamentos adecuados, para convivir mellor e resolver conflitos. Isto acadarase, a través da participación, boas canles de comunicación e plans de resolución e identificación de posibles conflitos.

2. DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO CENTRO

O IES Audiovisual de Vigo, sitúase no centro de Bouzas, pertencente ao Concello de Vigo. Comenza a súa andadura cun par de Ciclos Formativos pertencentes á familia profesional de Comunicación, Imaxe e Son, para acadar unha completa oferta educativa da familia: CS de Son (modalidades ordinario e modular a distancia), CS de Realización (modalidades ordinario e modular), CS de Produción (modalidades ordinario e modular), CS de Iluminación, tratamento e captación de Imaxe e CM de Videodj.

Dende este curso, 2019-2020 conta cun departamento de Orientación.

- **O entorno**

O Centro, sitúase nuha zoa marítima con proxección de crecemento demográfico. A zona, anteriormente pobo aledaño ó Concello de Vigo, sitúase na actualidade coma un barrio da cidade en auxe económico e residencial, dotado de centros de interese coma o Museo do Mar, O Centro de Investigacións Mariñas, CSIC ou o seu porto naval e central de astaleiros.

- **O alumnado**

O noso alumnado procede, maioritariamente, do Concello de Vigo e zonas limítrofes coma a zona do Morrazo ou Pontevedra. A idade media ronda entre os 18 e 23 anos. Aínda que existen menores de idade, realizando os cursos do Ciclo Medio de Vdj, a maior parte do noso alumnado é maior de idade, atopando tamén, titulados universitarios e xente de idade avanzada que buscan lexitimar a súa experiencia profesional, a través dun Ciclo Formativo. Neste último segmento, atópanse sobre todo os alumnos de ensinanzas non presenciais.

A opinión que presentan os docentes respecto ós alumnos, é en xeral boa. O alumnado presenta interés e implicación nas actividades prácticas e están moderadamente satisfeitos co equipamento do Centro.

- **Situación actual de convivencia**

O análise da convivencia nun centro educativo é una tarefa complexa, xa que se desenvolve a partir de múltiples interaccións entre os diversos membros da comunidade educativa. Estas interaccións, tamén están condicionadas por múltiples

factores. A pesar desta circunstancia, pensamos que o mellor xeito de realizar un análise da situación actual é estudar a percepción subxectiva dos membros da comunidade educativa. Para recoller esta percepción:

CONVIVENCIA	CUESTIONARIOS DE OPINIÓN
	Cuestionario realizado a docentes
	Cuestionario realizado ao alumnado
	Cuestionario realizado ao persoal non docente

CONCLUSIÓNS	CONCLUSIÓNS ACTUAIS DO CLIMA DO CENTRO
	Clima aceptable pero susceptible de mellora
	Sistema de relacións entre os membros correcto e respetuoso
	Inexistencia de problemas graves
CONFLITOS	CONFLITOS MAIS COMÚNS
	Principalmente problemas de carácter leve relativos ao comportamento nas aulas ou no entorno do centro
	Casos aillados de acoso escolar en cursos anteriores
	Casos aillados de roubo de material técnico en cursos anteriores

ESPAZOS CONFLITIVOS	Principalmente na aula
PERFIL DO ALUMNADO	CONFLITIVO
	Alumnos de idade superior ós 18 anos
	Alumnos de idade comprendida entre os 16 e 18 anos
CONFLITOS	COMUNS
	Incumprimento da normativa xeral do centro
	Desacordos nas calificacións entre o docente e o alumno/a
	Desavenencias entre o alumnado nas prácticas intercambio
	Falta de respecto entre o alumnado na aula

	EXCEPCIONAIS
CONFLITOS	Acoso escolar
	Roubo de material técnico do centro
	Faltas de respecto e agresión verbal ao profesorado na aula
	Ciberacoso

De xeito aillado (menos do 1%), apareceron alumnos/as con reiterados comportamentos disruptivos na aula, impedindo que as clases se desenvolvan con normalidade, interrompindo ó profesor/a e faltándolle ao respecto en cursos anteriores. Son alumnos/as que en xeral non mostran interese polas materias impartidas ou non seguen a dinámica das clases en grupo.

O alumnado, concede unha maior importancia, ao respecto das súas pertenzas, e sobre todo ao comportamento dos compañeiros da aula para que non dificulte o desenvolvemento das actividades. Danlle importancia tamén ao titor, como figura clave na mellora da convivencia na aula e no centro.

3. OBXECTIVOS

O obxectivo global, é mellorar a convivencia no IES, e para acadalo temos que cumprir outros obxectivos específicos:

- Mellora na prevención e detección de situacións de acoso escolar e ciberacoso, de comportamentos homófobos, racistas ou xenófobos:

	PREVENCIÓN E DETECCIÓN
MELLORA	Priorizar a educación en valores
	Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario
	Concienciar sobre os deberes e dereitos dos membros da comunidade educativa
	Integrar a todo o alumnado sen discriminación por raza, sexo, relixión e idade
	TRATAMENTO E SEGUIMENTO DE CONFLITOS
	Manter polo profesorado unha orde e disciplina coherente e común fronte o alumnado.

MELLORA	Manter liñas de traballo comúns entre o equipo docente
	Fomentar a acción tutorial coma ferramenta de mellora e equilibrio da convivencia.
	Facilitar a mediación para a resolución de conflitos.
	Promover a participación do alumnado na resolución de conflitos.
	Prever unha atención específica ó alumnado que presente conductas que alteren a convivencia do centro.

4. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia, constitúese con fin de respetar os dereitos do profesorado e do alumnado. Tamén para velar pola boa convivencia entre os membros da comunidade educativa.

- Composición da Comisión de convivencia

COMISIÓN DE CONVIVENCIA
Director (presidente da comisión)
Xefe de estudos (secretaria)
3 Docentes elexidos polo consello escolar: M ^a Isabel Martínez, Eva Alonso, Arturo Bermejo
2 Alumnos/as elexidos polo alumnado de entre os seus representantes no consello escolar: Javier Lorenzo (CS de Son) e Daniel Izquierdo (CM de Videodj)
PERIODICIDAD DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA
ORDINARIA: tres xuntanzas anuais
EXTRAORDINARIA: cantas veces sexan convocada por: <ul style="list-style-type: none"> • A súa presidencia por iniciativa propia • Proposta polo menos dunha terceira parte dos membros

NORMAS DE ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA
A COMISIÓN DE CONVIVENCIA ACTUARÁ POR DELEGACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR
REUNIRASE UNHA VEZ AO TRIMESTRE PARA TRATAR ASPECTOS PREVENTIVOS
CANDO A CIRCUNSTANCIA O REQUIRA, HABERÁ UNHA REUNIÓN EXTRAORDINARIA
ELABORARÁ UN INFORME DAS SÚAS ACTUACIÓNS QUE INCLUIRÁ NA MEMORIA ANUAL DO CENTRO
NA ORDE DO DÍA DO CONSELLO ESCOLAR, ESTABLECERASE UN PUNTO QUE FAGA REFERENCIA Á COMISIÓN DE CONVIVENCIA

5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

As normas de convivencia, teñen por obxecto concretar os dereitos e deberes do alumnado e o profesorado. Establecer correccións que correspondan polas condutas contrarias ás citadas normas. O consello escolar, a comisión de convivencia e os demais órganos de goberno, porán especial coidado na prevención de actuacións contrarias ás normas de convivencia, establecendo as necesarias medidas correctoras, educativas e formativas necesarias.

Os incumprimentos das normas de convivencia deberá ser valorados, considerando a situación e condicións persoais do alumno/a.

As correccións aplicables polo incumprimento das normas, terán, sempre que sexa posible, carácter educativo e recuperador

Non poderán producirse corrección contrarias á integridade física e dignidade do alumno/a.

Tomaranse coma circunstancias atenuantes: o recoñecemento espontáneo da corrección da conduta e a reparación espontánea do dano producido, e a falta de intencionalidade.

Tomaranse coma agravantes: a premeditación, a reiteración e a incitación ó estímulo de acción colectiva contra un membro da comunidade educativa.

O ton de convivencia do Centro é fundamental para o desenvolvemento do proxecto educativo. Nas nosas finalidades educativas reclámase explicitamente a convivencia:

FINALIDADES DE ÁMBITO CONVIVENCIAL
Formación na tolerancia, respecto á liberdade e dereitos dos demais
Formación no respecto á natureza e o medio ambiente
Atención á diversidade de condición sociais e persoais dos alumnos/as

- **NORMAS XERAIS**

NORMAS XERAIS
Todo o persoal da comunidade educativa cumprirá o horario fixado para cada un dos sectores
O horario de clase deberase respectar de xeito íntegro
Acataranse as normas do plan de autoprotección do centro
Tódolos membros do centro coidarán o material e as instalacións
No centro está prohibido fumar
Os menores de idade non poder saír do centro en horario lectivo
Os menores de idade deberán estar acompañados por un profesor de garda en caso de ausencia do docente que debe impartir a clase no seu grupo.
A cafetería deberá ser recollida e mantida en condicións axeitadas de orde e hixiene por parte do alumnado
A porta do aparcamento do centro pecharase vinte minutos despois do horario de apertura.
Os alumnos menores de idade, non poderán abandonar o centro por ausencia docente
As faltas de asistencia do alumnado recolléranse no parte de faltas do XADE

Tanto o profesorado coma o resto de persoal de traballo do centro, deberán firmar a hora de chegada e saído do centro.
O uso do parking do centro debe ser responsable e ordenado, respetando as prazas de discapacitados e as distintos espazos de aparcamento en función dos vehículos (motos, bicicletas e automóbiles)
Seguirase a normativa protocolaria de petición de espazos e equipamentos por parte de toda a comunidade educativa no programa informático habilitado para tal fin.
O centro estará aberto a medio día, a excepción dos venres. Neste día o alumnado non pode quedar no centro até o horario de apertura de tarde.
O único espazo habilitado para comer é a “cafetería”

- **NORMAS ESPECÍFICAS DE CONVIVENCIA NA AULA**

NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA NA AULA
Nas aulas está prohibido comer e beber.
Fóra das horas lectivas, a permanencia na aula non está permitida
As aulas deberanse deixar tal e como se atoparon no momento da súa apertura.
O alumnado está na obriga de asistir ás clases, anotándose as ausencias.
Nos intervalos de clase o alumnado non deberá permanecer nos corredores se este feito molesta o ó desenvolvemento doutras clases próximas.

6. CONDUCTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA

6.1 Condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na liña a) (*As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa*), os actos de discriminación da liña b) (*Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade*

económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social), os actos de indisciplina da liña c) (Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave), os danos da liña g) (Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción), os actos inxustificadas da liña h) (Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar) e as actuacións prexudiciais descritas na liña i) (As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa liña j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

6.2 Medidas correctoras para as condutas leves contrarias á convivencia do centro:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos.

- c) Realización de traballos específicos en horario non lectivo ou tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, a reparar o dano causado.
- d) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias.
- e) Suspensión do dereito a determinadas ou a todas as clases por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

6.3 Responsables da aplicación das medidas correctoras:

Para decidir as correccións serán competentes: os profesores (a,b,c), o titor (a,b,c,d), o xefe de estudos, o director (a,c,d,e, f).

Estas condutas contrarias prescribirán no prazo dun mes, contado a partir do día no que foron cometidas. Tanto o alumno/a como os seus pais poderán recorrer as **medidas correctoras** nun prazo de 48 horas desde a súa comunicación.

6.4 Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro:

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual,

capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción ou roubo.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.

En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

6.5 As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro, enumeradas no artigo anterior, poderán corrixirse con:

- a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do instituto ou, se procede, a reparar o dano causado ás instalacións ou material do instituto ou ás pertenzas de membros da comunidade educativa.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias.
- c) Cambio de grupo, cando sexa posible.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas ou a todas as clases durante un período de entre tres días lectivos e un mes.
- e) Expulsión do centro.

6.6 Aplicación das medidas correctoras

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no apartado anterior.

O procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios por condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro realizarase conforme o especificado no capítulo IV do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, pola que se desenrolla a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

No caso de observarse un cambio positivo na súa actitude, poderán readmitir ao alumnado sancionado antes do esgotamento do prazo previsto.

As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de tres meses, contados a partir da data da súa comisión e as correccións impostas prescribirán ao finalizar o curso escolar.

6.7 Contidos dos traballos e tarefas dos distintos módulos

No ámbito académico non está permitido realizar traballos ou tarefas que vaian en contra dos dereitos humanos, que promovan racismo, homofobia, machismo, ou

calquera outro tipo de violencia e poderán ser consideradas condutas gravemente perxudiciais da convivencia aplicándolle as medidas correctoras do apartado 6.

Ademais tratarase de eliminar os estereotipos de xénero na transmisión de valores promovendo que dende a práctica docente se aborden os contidos dos módulos dende unha perspectiva de xénero incluíndo a mulleres relevantes nas distintas profesións da familia profesional de Comunicación, Imaxe e Son.

7. MEDIDAS MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

MEDIDAS PARA O SEGUIMENTO
Ao principio de curso se lles proporciona a todo o profesorado un documento en forma de manual coas normas de convivencia máis importantes para o funcionamento do centro que forman parte do NOF
Todas as necesidades de espazos específicas que poidan afectar a varios profesores/as e xerar conflito son xestionadas por secretaría despois de recibir a solicitude dos interesados
Todas as necesidades de materiais específicas que poidan afectar a varios profesores/as son xestionadas entre os profesores que poidan verse afectados ou o xefe de departamento.
Ao alumnado proporciónaselle un manual de benvida cun resumo das normas de convivencia básicas que teñen que respectar ao longo do curso e se lles informa do procedementos que deben seguir si xurde algún problema que poida interferir na convivencia do centro e a quen deben dirixirse
No centro dispónse tamén dun buzón de suxerencias onde poden informar de xeito anónimo dos problemas que detectan.
O seguimento da asistencia de profesores realízase través a partir do libro de sinaturas que está a disposición do persoal para cotexar que se cumpren as horas que se deben permanecer no centro así como a puntualidade na entrada e a hora de saída
Antes de terminar o mes o xefe de estudos revisa as faltas, supervisa os xustificantes e cargaas no xade.
Moitas das necesidade que xorden ao longo do curso relacionadas coa convivencia son transmitidas a comunidade educativa por correo electrónico porque pola súa inmediatez permiten solucións áxiles.
Creación dunha cafetería xestionada polo alumnado, que lles ofrece un espazo lúdico e tamén unha actividade colaborativa e responsable
Establécense vías de comunicación directas e rápidas cos distintos postos directivos para solucionar eventualidades que poderían derivar en conflitos de convivencia.
Adecuación do parking do Centro, para que toda a comunidade educativa poda chegar puntual as súas obrigas lectivas e laborais.
Existe un protocolo de préstamos e de espazos que evita problemas de convivencia.

8. PLAN DE ACOLLIDA

ACCIÓNS DE PLAN DE ACOLLIDA PROFESORADO Ó PRINCIPIO DO CURSO
Percorrido polo centro e información do funcionamento do mesmo por parte dos xefes/as de estudos
Entrega da guía de funcionamento do centro e departamento a través do manual de benvinda do profesorado.
Entrega de todo o material do que dispoñe a directiva que teña relación cos módulos a impartir.
Convocatoria do Claustro ó principio do curso para dar acollida e informar os novos docentes no Centro de calquera dúbida que poda xurdir
Charla informativa co alumnado ó principio do curso para o funcionamento básico do centro .
Información, clases, chaves dos espazos e equipamento relacionado cos módulos a impartir.
ACCIÓNS PARA O PROFESORADO QUE SE INCORPORA DURANTE O CURSO
Recibimento e benvinda por parte do directivo que esté de garda, que lle facilitará a listaxe de alumnados, chaves e claves de acceso de os espazos relacionados coas materias que imparte
Entrega da información coa documentación do punto anterior.
O novo profesorado, poderá aclarar as dúbidas que teña respecto á lectura da documentación entregada co xefe/a de estudos
ACOLLIDA DO ALUMNADO DO MASTER DE MESTRADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
Elabórase un plan de traballo do alumnado de prácticas, onde se inclúe un calendario de días de clase, e as horas de asistencia ós módulos formativos
Percorrido polo Centro educativo (instalacións e equipamentos)
Entrega de tanta documentación precise para o desenvolvemento das prácticas e do seu proxecto.

PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO
Reunión informativa ó principio do curso cos docentes que imparten o módulo e a directiva
Percorrido polas instalación co titor do curso do que forma parte o alumno/a
Entrega do Manual de Benvida coas normas básicas de funcionamento do centro

9 . SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Co propósito de cumprir os obxectivos especificados nos apartados anteriores, realizarase unha avaliación do plan de acollida en varias fases:

- A corto prazo (a finais de curso)
- A longo prazo (cando se revise o plan de convivencia, tomando coma base os resultados obtidos da avaliación a corto prazo)
- Avaliación permanente. Baseada nun proceso de feedback, de resposta dos diferentes membros da comunidade educativa ante as medidas adoptadas para a mellora de convivencia

Isto o levaremos a cabo, a través dos cuestionarios deseñados para tal fin, e tamén estudando as porcentaxes nos datos de conflitos dados ano a ano:

AVALAICIÓN DO PLAN CONVIVENCIA	CUESTIONARIOS DE OPINIÓN
	Cuestionario realizado a docentes
	Cuestionario realizado ó alumnado
	Cuestionario realizado ao persoal non docente

DOCUMENTO AVALIACIÓN	COMISIÓN DE CONVIVENCIA
	Documento de seguimento da plan de convivencia
	Documento elaborado pola comisión de convivencia
	Momento de elaboración: fin do curso escolar
PUNTOS A TRATAR NO DOCUMENTO	
	Actuacións realizadas durante o ano
	Grao de eficacia das diferentes accións

Principais dificultades atopadas na aplicación das medidas tomadas
Cumprimento dos obxectivos propostos
Análise e valoración do Plan de Convivencia e proposta de mellora
RECOPIACIÓN DO INFORME DE TITORES
Descrición do grupo e das características de convivencia
Actividades de acción tutorial levadas a cabo relacionadas coa convivencia
Evolución do clima de convivencia na aula ó longo do curso
Propostas de mellora para incluír no plan de convivencia

A proposta de melloras do plan de convivencia realízase ao rematar o ano académico e despois de analizar os resultados tendo en conta o análise da situación ao comezar o ano académico e a avaliación final da situación ao rematar o curso. Como ferramenta se propón unhas táboas de indicadores onde se especifican cales son os aspectos conflictivos antes de comezar o curso, cales son as medidas adoptadas e si con estas se acadaron ou non os resultados buscados.

10. MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

DIFUSIÓN	PLAN DE CONVIVENCIA
	Publicación na web do IES
	Copias dixitais para os membros do Consello Escolar e Claustro
	Copias escritas para pais e nais dos menores que o soliciten

11. MEDIDAS PARA DETECTAR E RESOLVER CONFLICTOS

Cámaras existentes no Centro educativo
Informe de tutores
Informes de delegados de clase
Informe do alumnado a través do Consello Escolar
Diálogo do profesorado con alumnado comprometidos coa boa convivencia educativa
Observación e análise das condutas do alumnado e profesorado por parte da comunidade educativa
Existencia dun buzón de suxestións e queixas de carácter anónimo

12. RECOLLIDA DE INCIDENCIAS EN MATERIA DE CONVIVENCIA

Tódalas incidencias de convivencia, serán rexistradas no propio Centro, mediante un sistema informatizado, con copia escrita que se garda en Xefatura de estudos:

REXISTROS DE INCIDENCIAS DE CONVIVENCIA
Amonestacións disciplinarias alumnado
Expulsións
Asistencia a Aula de convivencia
Entrevistas cos tutores ou proxevnitores menores de idade
Compromisos acadados pola dirección co alumnado e profesorado
Amonestacións disciplinarias de profesorado e demais membros do Centro educativo

2.3. PLAN DE IGUALDADE DO IES AUDIOVISUAL DE VIGO

1. INTRODUCCIÓN

Este Plan de Igualdade ten como obxectivo principal contribuir á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

Entendemos a igualdade coma unha relación de equivalencia, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e, precisamente por iso, son iguais. Pero non é igualitario, nin por tanto xusto, tratar do mesmo modo a quen son diferentes, nin obviar as diferenzas aplicando modelos. Con todo, ter o mesmo valor non implica que teñan a mesma identidade nin que sexan uniformes, a igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades.

O Plan diríxese a toda a comunidade educativa do **Ies Audiovisual de Vigo**, involucrando a todo o profesorado, persoal de administración e servizos, a nais, pais e, por suposto, alumnado.

Outra das finalidades deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual e cultural, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste senso, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade nin cultural como predominante. Na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria, polo tanto, o que se pretende é asentar as bases para conseguir un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas as estudantes teñas o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

Para a elaboración deste plan tivéronse en conta catro principios:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

- **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- **Inclusión e integración da diversidade:** a educación para a aceptación da diversidade sexual e cultural e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual nin a súa raza ou cultura.

Actualmente, no centro estánse levando unha serie de actuacións en materia de Igualdade como son:

- A creación dunha comisión de igualdade dentro do Consello Escolar integrada por dous docentes, Paula Regueira e Roberto S. Pérez, e unha alumna, Irene Maquieira.
- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro, principalmente do Plan de Convivencia e do Plan de Orientación.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero dende o departamento de Orientación do Centro.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial. Alumnado do centro participa no programa *Enlazate Vigo* do Concello de Vigo (25 de novembro). No curso 2018-2019 organizouse unha exposición fotográfica co gallo do día da muller (8 de marzo) denunciando micromachismos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

2.1. Ámbito estatal

A **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, no preámbulo pon de manifesto que un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Tamén establece como principio da educación o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

A **Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo**, para a igualdade de mulleres e homes establece que as administracións educativas desenvolverán as seguintes actuacións:

- Atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
- Eliminación e rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.
- Integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- Promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- Cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia.

A L.O.M.C.E.

A lei orgánica 8/2013, de 3 maio, de Educación contempla en varios apartados o tema da igualdade entre homes e mulleres. Vexamos a continuación algúns deles:

Non seu preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O artigo 1 establece que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

No artigo 17.d “Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade”. Este é un dos obxectivos que se pretenden en Ed. Primaria.

Outro obxectivo, neste caso para a Educación Secundaria Obrigatoria, atópase contemplado no Artigo 23. c “Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”.

No Artigo 33.c Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade. Este artigo pertence aos obxectivos de bacharelato. Nos obxectivos da formación profesional podemos atopar o seguinte artigo: artigo 40.e [..]. “Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para acceder a unha formación que permita todo tipo de oportunidades profesionais e o exercicio das mesmas”.

No Artigo 66.3.g contéplase “Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles”.

No Artigo 78. Normas de organización, funcionamento e convivencia: “Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, na orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro”.

No Artigo 84.3 “En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”

No Capítulo III, sección primeira, o Consello Escolar, podemos atopar os seguintes artigos relacionados con este tema:

Artigo 126.2 “Unha vez constituído o Consello Escolar do centro este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”.

No Artigo 127.g “Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”.

2.2. Ámbito autonómico

O **Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece que a Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación.

A Xunta de Galicia inclúe nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Non se admitirán no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

As docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

O *artigo 19* refírese á integración da igualdade na formación profesional, dispoñendo:

"No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e tantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres".

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na **Lei 2/2014, do 14 de abril**, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

A Consellería competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei.

Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero

Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

O **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou

da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

O **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, será tamén un principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todas as persoas que integren a comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

2.3 Normativa do centro

A continuación recóllese a normativa vencellada á igualdade de xénero nos distintos documentos de regulación interna do Ies Audiovisual de Vigo:

Plan de Convivencia

Entre as finalidades educativas recollidas neste plan figura “*a atención á diversidade de condición sociais e persoais dos alumnos/as*”.

No punto 6 de condutas contrarias á convivencia aparece recollido explicitamente “*os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas , sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social*”.

No punto 6.7 no referido aos contidos de traballos e tarefas dos distintos módulos aparece recollido: “*no ámbito académico non está permitido realizar traballos ou tarefas que vaian contra os dereitos humanos, que promovan o racismo, homofobia, machismo, ou calquera outro tipo de violencia e poderán ser consideradas condutas gravemente perxudiciais da convivencia aplicándolle as medidas correctoras do apartado 6.*

Ademais trátase de eliminar os esterotipos de xénero na transmisión de valores promovendo que dende a práctica docente se aborden os contidos dos módulos dende

unha perspectiva de xénero incluíndo a mulleres relevantes nas distintas profesións da familia de Imaxe e Son”.

Plan de Orientación do centro

No punto 5.2 vencellado ao ámbito de acción tutorial aparece recollido entre os obxectivos co alumnado: *“Favorecer a integración no centro, na etapa e no grupo-clase e propiciar o desenvolvemento da identidade persoal e social”.*

Asimesmo, tense especial atención á fomentar a igualdade e á non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.



3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA

O IES Audiovisual de Vigo acolle a preto de 420 estudantes de idades comprendidas entre os 16- 24 anos na maioría dos casos. A oferta educativa son ciclos de FP da rama da familia de Comunicación, Imaxe e Son:


- O CM de Vídeo Disc-Jockey e Son: case o 35% son menores de idade
- Os CS de Son, Realización, Produción e Imaxe en modalidade ordinaria: a idade media está entre os 18 e os 22 anos.
- Os CS de Realización, Produción e Son en modalidade modular na que a media de idade do alumnado sube até os 30 anos.

3.1 Representación na matrícula nos distintos itinerarios formativos


A distribución do alumnado por sexos durante o curso 2019-2020 é a seguinte.




CS de Producción (ordinario)




CS de Iluminación





CM de Videodj



CS de Producción (modular)





Fonte: Elaboración propia. Outubro 2019

Nos ciclos formativos as porcentaxes van ser desiguais dependendo da rama, en concordancia cos estereotipos que a sociedade manexa no mundo laboral, aqueles ciclos formativos máis técnicos como son os CM de Videodj ou CS de Son a desigualdade por número de matriculados é máis significativa.

3.2 Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión

Nos órganos de goberno do centro obsérvase unha clara diferenza a favor do xénero feminino. Os catro órganos de decisión unipersoais (dirección, as dúas xefaturas de estudos e a secretaría) ocúpana mulleres. En canto aos órganos colexiados a distribución é a seguinte:

- Consello Escolar: 11 mulleres e 4 homes. Na representación do alumnado hai paridade con dous alumnos e dúas alumnas.

- Claustro de profesores: 20 mulleres e 10 homes.

Nos órganos de coordinación docente atopamos a seguinte distribución:

- Coordinación de Comisión Pedagóxica: Está integrada por 2 homes e 7 mulleres

Nas xefaturas de departamento dos demais órganos unipersoais (Departamento de FOL, de Orientación, de Comunicación e Imaxe e Son, de DACE, de ENDL, de FCT) existe paridade (3 homes e 4 mulleres).

No relativo á representación do alumnado como delegados/as de clase hai paridade con 6 mulleres e 5 homes.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Garantir a integración transversal do principio de igualdade de xénero nas actividades educativas do centro.
- Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
- Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe do centro: impresos de matrícula, fichas de titoría, circulares informativas, permisos de saídas extraescolares...
- Equilibrar a presenza de mulleres e homes nas actividades organizadas polo centro.
- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Aumentar a participación das mulleres nos ciclos de CM de Videodj e CS de Son
- Estudar o perfil laboral de varias profesións, sobre todo, das ofertadas polo centro educativo, e reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa poida desempeñar con total normalidade os traballos con independencia do seu sexo ou xénero.
- Dar a coñecer o papel das mulleres e as súas contribucións á sociedade.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente da violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan avanzar no respecto á diversidade, no fomento da igualdade entre homes e mulleres e na tolerancia á diversidade cultural.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de LGBTIfobia.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1. Organización do centro

- A comisión de igualdade do Consello Escolar promoverá o Plan de igualdade.
- Establecer medidas de igualdade e de atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: Proxecto Educativo de Centro (PEC), Plan de Convivencia (PC), Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF) e no Plan de Acción Titorial (PAT), con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas a toda a comunidade educativa.
- Implantar a paridade, sempre que sexa posible, na elección de delegados/as do alumnado.
- Intentar lograr a paridade nos órganos de dirección do centro e nas xefaturas dos departamentos didácticos.
- Ter un taboleiro que recolla información de interese sobre igualdade de xénero e de diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Fomentar un uso da linguaxe non empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro:
 - Usar a linguaxe inclusiva no centro e na aula, na medida do posible.

-Revisar e modificar, se procede, todos os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista nin que presupoña a heterosexualidade da comunidade educativa nin das familias.

-Revisar a linguaxe empregada nas aulas, eliminando, se é posible e procede, o sexismo e a LGTBIfobia cando os haxa.

- Fomentar a presenza de referentes positivos de diversidade afectivo-sexual, familiar e de xénero no centro educativo, apoiando a visibilidade da comunidade LGTBI se o considera pertinente e poida así converterse nun referente próximo para toda a comunidade educativa.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado en materia de igualdade de xénero dando difusión a distintas actividades que se desenvolvan neste campo.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas, como por exemplo coa Asociación Nós Mesmas que organizan as III Xornadas de Tratamento da Diversidade Afectivo-Sexual e de Xénero nas aulas do próximo 30 de novembro en colaboración co noso centro.
- Participar no programa *Enlazate Vigo* do Concello de Vigo (25 de novembro). E darlle continuidade á actividade que se iniciou no curso 2018-2019 organizando unha exposición fotográfica co gallo do día da muller (8 de marzo) promovendo a igualdade.
- Promover que as actividades que se realicen no centro teñan en conta a perspectiva do xénero e da diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar: o día das Letras Galegas, o día do Libro...
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos ciclos de formación profesional nos que detecta que están máis sesgados polo sexo ou xénero.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero, para incluír as mulleres relevantes en cada sector
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).

- Organizar obradoiros, charlas, coloquios e actividades relacionadas coa igualdade de xénero, contra a violencia sexista, coa LGTBIfobia promovidas dende institucións públicas (Concello de Vigo, por exemplo) e asociacións (Nós mesmas, por exemplo), coa axuda e colaboración da Comisión de Igualdade do centro.
- Facilitar materias de apoio e recursos didácticos para que nas titorías e o profesorado poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
- Incrementar os materiais dispoñibles na biblioteca do centro con películas, títulos, material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
 - Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación e identidade sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
 - Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
 - Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.
- Visibilizar para toda a comunidade educativa todas as actividades celebradas no centro mediante a súa exposición ben no centro educativo ben nas redes sociais do centro.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación, como non podía ser doutra maneira, terá carácter continuo e avaliaranse se os obxectivos propostos en cada actividade se acadaron ou non.

Avaliarase a participación de toda a comunidade educativa.

Elaborarase unha memoria final, onde se recollerá o grao de consecución dos obxectivos e finalidades marcadas.

Avaliarase a coordinación entre o profesorado, o grao de participación da comunidade educativa e doutras persoas alleas ao centro (asociacións, Concello...), a consecución dos obxectivos, os materiais empregados, a actualidade destes, a coherencia das actividades realizadas, valorar o grao de consecución e de satisfacción das persoas presentes...

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.